

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 17 de setembro de 2013 pola que se modifica a Orde do 14 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

O 27 de xuño de 2013 (DOG número 121) publicouse a Orde do 14 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

No artigo 9.2 da devandita orde establecíase que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento do proxecto antes do 1 de outubro de 2013.

Tendo en conta a data de resolución das devanditas axudas, motivada polo elevado volume de solicitudes recibidas e os atrasos experimentados na tramitación das emendas, co fin de viabilizar os procesos de execución e xustificación por parte dos beneficiarios resultantes, sen que con iso se cause prexuízo a terceiros, considérase necesario introducir modificacións no artigo 9.2 da Orde do 14 de xuño.

Visto o anterior,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ampliación do prazo de xustificación*

Ampliar ata o 15 de novembro de 2013, inclusive, o prazo límite previsto no artigo 9.2 da Orde do 14 de xuño, para acreditar a realización dos proxectos subvencionados e xustificar a totalidade do orzamento do proxecto.



Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2013

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

